A realización efectiva do pago efectuarase nos correspondentes documentos co recibí do interesado ou o xustificante de transferencia bancaria.

En todo caso, se respetará a seguinte orde de prioridades:

- a) Gastos de persoal, por ser un gasto de carácter prioritario.
- b) Obrigas recoñecidas nos exercicios anteriores
- c) Obrigas do exercicio corrente coa seguinte orde:

*Vinculadas a ingresos efectivamente recadados

*Resultantes da prestación de servizos relacionados cos obxectivos do Consorcio.

- d) As restantes obrigas recoñecidas.

BASE 24ª.-Indemnizacións por razón do servizo.

1º.- Os gastos por dietas, locomoción e outras indemnizacións imputaranse ó artigo 23 do estado de gastos.

O xustificante do gasto será o documento que para tal fin se entregará na Intervención de fondos no que constan tódolos datos necesarios para identificar o servizo e acompañarase de:

- A) Conta subscripta polo interesado, segundo o establecido na base 22.1.c)
- B) Soamente en caso de pernocta fora do domicilio, esixirase factura completa acreditativa da pernocta.
- C) En caso de que os citados gastos sexan incorporados á nómina mensual, non será necesario a conta do apartado A).



2º.- As cantidades a recibir serán conforme á normativa do Estado reguladora de tales indemnizacións e a xustificación realizarase conforme ó determinado nas presentes bases.

BASE 25º.- Retribucións dos membros do Goberno.

Os réximes de dedicación parcial dos cargos electos do Consorcio, serán conforme o establecido no artigo 75 da Lei de Bases de réxime local.

BASE 26º.- Retribucións do persoal funcionario e laboral do Consorcio-

1º.- O persoal funcionario e laboral e axustará as súas retribucións ó disposto na lei de Orzamentos Xerais do Estado e na restante lexislación vixente.

O 24 de marzo de 2025 publicase definitivamente no Boletín Oficial da Provincia o primeiro convenio colectivo que regula as condicións do persoal laboral operativo dos catro parques dependentes do Consorcio con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2025.

BASE 27ª.- Subvencións.

As subvencións outorgaranse con carácter xeral baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, desenvolvidos na lei xeral de subvencións, lei 38/2003, e na súa lexislación de desenvolvemento.

BASE 28ª.- Constitucións de fianzas.

Se o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento se vira obrigado a constituír algunha fianza, a operación contable correspondente terá carácter de non orzamentaria.

BASE 29ª.-Gastos de investimentos.

1º.- Os gastos de investimento requirirán expediente administrativo previo, no que segundo a obra ou adquisición incorporárase a documentación que para o caso esixa a Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector Público.

2º.- Os contratos de obra, de concesión de obras públicas, de servizos, de subministracións, xestión de servizos públicos, e cometidos específicos e concretos non



habituais, rexeranse polo disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector Público.

Para os contratos non relacionados, seguiranse as regras xerais de aplicación ós mesmos.

BASE 30ª.- Gastos menores.

1º.- Os gastos menores definiranse exclusivamente en razón á súa contía.

2º.- Antes de efectuar calquera gasto os responsable do servizo asegurase de que exista crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria á que debe aplicarse o mesmo, mediante a correspondente proposta de gasto que será fiscalizada previamente á realización do gasto e cumprira co disposto no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- A aprobación do gasto realizarase conxuntamente coa disposición e o recoñecemento da obriga, expedíndose o documento "ADO".

BASE 31ª.- Gastos plurianuais.

1º.- A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para o exercicio económico se consigne nos respectivos orzamentos.

Ditos gastos estarán sometidos ó réxime previsto no artigo 174 da TRLHL e 79 a 88 do R.D 500/90 de 20 de Abril.

2º.- A execución do gasto deberá comezar no exercicio actual e so poderá afectar a:

- a) Investimentos e transferencias de capital
- b) Arrendamentos de bens inmobles
- c) Contratos de subministros, asistencia técnica, prestación de servizos, execución de obras de mantemento, arrendamento de equipos e máquinas.
- d) Gastos financeiros.
- e) Transferencias correntes.

3º.- A autorización de gastos plurianuais require informe previo de Intervención, na que se acredite que non se superan os límites cuantitativos fixados na lei.

4º.- O acordo de Autorizar ou Dispoñer gastos plurianuais corresponde o Pleno, salvo o disposto no artigo 21.1.ñ da Lei 7/85.



BASE 32ª.- Exercicio da función fiscalizadora

1º.- A función fiscalizadora será realizada pola Interventora do Consorcio. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou o réxime de fiscalización e intervención limitada previa para a Deputación Provincial de Ourense, conforme ao establecido no artigo 13 do RD 424/2017, de 28 de abril

A función desempeñárase en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/85, artigo 204 e ss. no disposto no RD 424/2017, polo regulamento de control interno da Deputación Provincial de Ourense e polo regulado nas bases de execución da entidade da que depende o Consorcio, a Deputación Provincial de Ourense.

2º.- Aos efectos previstos no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, a Intervención elevará o seu informe ó Pleno con ocasión da formación da Conta Xeral, cando conte con tódolos expedientes de gasto e ingresos do exercicio.

O non regulado nestas bases, remitirase ao regulado nas Bases de execución e no regulamento de control interno da Entidade institucional da que depende, a Deputación Provincial de Ourense.

BASE 33ª.- Reparos.

Se o Órgano Interventor se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito.

Os ditos reparos deberán ser motivados con razoamentos fundados nas normas nas que se apoie o criterio sustentado e deberán comprender todas as obxeccións observadas no expediente.

Se o reparo afecta á aprobación ou disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagamentos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa solucionado nos seguintes casos:

- a) Cando se basee na insuficiencia do crédito ou o proposto non sexa o adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pagamento.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais, considerándose como tales:
 - Cando o gasto se propoña a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.



- Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.
 - Cando se omitiran requisitos ou trámites que puideran dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidera causar quebrantos económicos á Tesourería da entidade local ou a un terceiro.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

BASE 34ª.- Da tesourería.

1º.- Integran la Tesourería tódolos recursos financeiros do Consorcio, tanto por operacións orzamentarias coma por operacións non orzamentarias.

2º.- A Tesourería réxese polo principio de Caixa única e non afectación dos recursos.

3º.- A xestión dos recursos levarase a cabo baixo os principios da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas temporais.

En aras ó principio de máxima rendibilidade, a Tesourería poderá atender pagos antes do seu vencemento previsto sempre que se dean as seguintes condicións:

Que exista excedente de caixa, ou que os gastos teñan a consideración de afectados e se dispoña dos fondos antes do vencemento da obriga de pago.

Que o contratista outorgue a correspondente compensación en forma de desconto por pronto pago.

BASE 35ª.- Tipos e contabilización.

1º.- Existe compromiso de ingreso a favor do Consorcio Provincial de Incendios de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, cando mediante acto, acordo ou concerto firme, calquera persoa física, xurídica, pública ou privada, obligue ó mesmo en forma pura ou condicionada.

2º.- No caso das transferencias ou subvencións que sexan condicionadas, cando se cumpra a condición e se xustifique o gasto, recoñecerase o dereito.

3º.- A contabilidade e soporte documental destas operacións realizaranse conforme o preceptuado na Instrución de contabilidade para municipios de máis de 5.000 habitantes.



BASE 36ª.- Contabilización do recoñecemento dos dereitos de cobro do Consorcio.

1º.- Cando se produza liquidación de dereitos en favor do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento e se teña coñecemento diso, procederase ó recoñecemento dos dereitos, mediante os asentos previstos na Instrución de Contabilidade.

2º.- Se producira un exceso de dereitos recoñecidos sobre a cantidade orzamentada, o importe deste exceso unha vez recoñecido, poderá constituír recurso para modificacións de crédito.

3º. As átoliquidacións así como os dereitos que se xeren por intereses, rendas, imprevistos e outros similares, recoñeceranse no momento do ingreso.

BASE 37ª.- Contabilización dos cobros do Consorcio.

1º.- Os ingresos por Caixa serán controlados pola Tesourería.

2º.- Os abonos nas contas de ingreso serán controlados pola Tesourería do Consorcio.

BASE 38ª.- Fianzas e depósitos recibidos.

As fianzas e depósitos que deban constituírse en favor do Consorcio, con independencia do acto que as motive, terán tratamento contable de operacións non orzamentarias.

BASE 39ª.- Devolucións de ingresos indebidos.

1º.- A devolución de ingresos indebidos e a rectificación dos erros materiais e de feito farase segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria.

BASE 40ª.- Operacións no estado de gastos do orzamento.

1º.- A liquidación e peche do estado de gastos e ingresos efectuarase a data 31 de decembro, mediante as operacións que establece a nova Instrución de Contabilidade aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro.



2º.- Con carácter previo a tales operacións revisarase que non fica acordo, acto ou resolución recoñecendo obriga, sen documentar e contabilizar en fase "O".

3º.- Imputaranse ao exercicio 2026 as obrigas recoñecidas ata o 20 de xaneiro, sempre que correspondan a gastos realizados ata a expiración do exercicio orzamentario e con cargo ós respectivos créditos e que data de entrada no rexistro electrónico no sexa superior ao 15 de xaneiro do 2027.

4º.- Tamén se comprobará que están efectiva e correctamente contabilizados os dereitos e que non queda dereito recoñecido pendente de contabilizar.

BASE 41ª.- Remanentes de tesourería.

1º.- Integran os Remanentes de Tesourería a suma dos dereitos pendentes de cobro menos as obrigas de pago máis os fondos líquidos de Tesourería.

2º.- O Remanente de Tesourería axustado será fonte de financiación de modificacións orzamentarias no exercicio seguinte á súa produción.

BASE 42ª.- Anticipos de pagamentos ao persoal laboral operativo dos Parques de Bombeiros do Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.

Conforme ao estipulado no artigo 30 do primeiro convenio colectivo para o persoal laboral operativo , o/as traballadores/as afectados/as por este convenio poderán solicitar anticipos reintegrables das retribucións líquidas que lle corresponda percibir ao solicitante, **cun límite máximo de 1.000 euros por cada parque**, ampliable se houbera máis parques.

O reintegro dos anticipos efectuarase en tantas mensualidades como faga constar o traballador na súa solicitude, **ata un límite máximo de 10 mensualidades**, por cantidade fixa e igual cada mes ou variables sempre que sexa de maior a menor.

Mensualmente, ao tempo de facer efectivos os seus haberes, seralles descontados aos empregados a parte proporcional que proceda.

Estes anticipos solicitaranse mediante instancia a través do rexistro electrónico do consorcio e dirixido ao Presidente do consorcio. Unha vez aprobada e fiscalizada favorablemente pola Interventora do consorcio a concesión do mesmo, expedirase a orde de pagamento.



Non poderán solicitarse outro anticipo ata unha vez transcorrido un prazo de tempo mínimo de 24 meses desde a concesión do anticipo anterior, por traballador.

A orde de preferencia para a súa concesión será o rigoroso orde de entrada da solicitude no rexistro xeral do consorcio.

Para a concesión de anticipos e cómputos de prazos de amortización terase en conta as mensualidades que lle falten ao interesado para a súa xubilación forzosa, ca que aqueles non poderán superar o número destas, así como a tramitación de expedientes disciplinarios por faltas que poidan levar inherente a sanción de suspensión de emprego e soldo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.-

Para o non previsto nas presentes Bases **estarase ó disposto nas bases de execución da Deputación Provincial de Ourense, na vixente Lexislación Local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei Xeral Tributaria e demais normas do Estado e da Comunidade Galega que sexan de aplicación, así como o que resolva o Pleno do Consorcio previo informe da Secretaría.**

SEGUNDA.-

O Presidente é o órgano competente para a interpretación das presentes bases, previo informe da Secretaría ou da Intervención, segundo as súas respectivas competencias.

TERCEIRA.-

As presentes bases entrarán en vigor na data de publicación definitiva do Orzamento Xeral Ordinario deste Consorcio para o ano 2026, xurdindo os seus efectos dende o 1 de xaneiro ata o día 31 de Decembro de 2026.

En Ourense na data da sinatura electrónica,

O presidente do consorcio.

Asinado electrónicamente por
LUIS MENOR PEREZ
O Presidente
06/11/2025 - 14:02:01



Referencia:	2025/23585Y
Procedemento:	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

Asunto: Memoria do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento (CIS) para o exercicio 2026.

Primeiro. Introducción

De acordo coa definición dada polo artigo 162 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante), os orzamentos xerais das Entidades Locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

De conformidade co artigo 164 do dito texto legal, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade e os dos organismos autónomos dependentes desta, así como os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade.

En relación co orzamento da entidade, este será formado polo presidente e a el haberá de unirse a documentación á que fai mención o artigo 168 do TRLRFL, entre a cal se encontra a memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

Deste modo, para os efectos de dar cumprimento ao precepto referido no parágrafo anterior, **emítese a presente Memoria do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.**



Trátase duns orzamentos baseados na eficacia e eficiencia na xestión do consorcio, e reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira, así como, co límite de gasto non financeiro do CIS.

Segundo. Contido do Orzamento.

De conformidade co artigo 165.1 do TRLRFL, o Orzamento Xeral conterá, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a. Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas dos previstos para o orzamento.

De conformidade co artigo 168.1, ao orzamento da entidade local deberán unirse os documentos seguintes:

- A memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento vixente.
- A liquidación do orzamento do exercicio anterior e o avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- O anexo de persoal da Entidade Local.
- O anexo dos investimentos para realizar no exercicio.



- O anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- O anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o Orzamento Xeral e das obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que os devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da LBRL.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

De conformidade co disposto nos citados artigos do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente contén toda a documentación esixida e todas as previsións que a normativa establece, e cumpre con todos os trámites esixidos, exceptuando o anexo de investimentos, o de beneficios fiscais en tributos locais, o anexo de convenios subscritos e o anexo de débeda, xa que o Consorcio non dispón de información a engadir en ningún deles.

Non presenta déficit inicial, cumprindo así co previsto no artigo 165.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2026 que se someterá primeiro á consideración do Pleno do Consorcio e unha vez sexa aprobado inicialmente por este, se someterá a aprobación do Pleno da Corporación provincial, está estruturado e adaptado ao previsto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

O proxecto de Orzamento xeral do CIS para o exercicio económico 2026, ascende á cantidade de 6.480.000,00 euros no Estado de Gastos e de 6.480.000,00 euros no Estado de Ingresos.

Estado de Gastos



ESTADO DE GASTOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2026
Capítulo	Importe
1 - Gastos de Persoal	5.227.709,95 €
2 - Gastos correntes en bens e servizos	1.198.140,05 €
3 - Gastos Financeiros	150,00 €
6 - Investimentos reais	50.000,00 €
8- Activos Financeiros	4.000,00 €
<i>TOTAL EN GASTOS</i>	<i>6.480.000,00 €</i>

Capítulo I do orzamento, respecto o gasto do persoal, existe correlación entre os créditos do capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no orzamento e o anexo de Persoal de esta entidade local para este exercicio económico, **ascendendo a cantidade de 5.227.709,95 euros** ao anexo de persoal e indicando na dotación orzamentaria as posibles variacións.

Os gastos de persoal comprenden os propios do cadro de persoal.

En canto ao cadro de persoal do Consorcio, estará integrado polas seguintes prazas de persoal laboral fixo:

CATEGORIA	Nº EFECTIVOS
BOMBEROS	59
CABOS	25
JEFE PARQUE	1
SUBJEFE	1
SARGENTOS	4
XERENTE	1
ADMINISTRATIVA	1
SECRETARIO	1
INTERVENTORA	1
TESORERA	1
LIMPIADORAS	3
TOTALES	98

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.



Inclúese unha cantidade para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal operativo co fin de cubrir baixas, vacacións, asuntos propios, etc. e que se estima que sexan necesarios 468.000,00 euros, máis a correspondente seguridade social.

O 24 de marzo de 2025 publícase definitivamente no Boletín Oficial da Provincia o primeiro convenio colectivo que regula as condicións do persoal laboral operativo dos parques dependentes do CIS, con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2025.

Na data deste informe están pendentes de resolución as alegacións a nova relación de postos de traballos que inclúen un elevado aumento nas retribucións do persoal operativo do consorcio, cantidades incluídas neste proxecto de orzamento.

Estes orzamentos cumpren co asinado no convenio colectivo para o persoal laboral operativo.

Representa o 80,67 % do orzamento.

Capítulo II do Orzamento, as contías máis relevantes corresponden ás destinadas ao pago de seguros, material de oficina, comunicacións, destacando sobre o resto a cantidade destinada a estudos e traballos técnicos (136/22706) que inclúe o coste da prestación dos servicios indispensables para a actividade ordinaria do consorcio, e outros gastos necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades propias do Consorcio, *ascendendo a cantidade de 1.198.140,05 euros.*

Representa o 18,49 % do orzamento.

Capítulo III do Orzamento, gastos financeiros, coa finalidade de facer fronte as comisións bancarias que xurdirán no exercicio económico.

Capítulo VI do orzamento, investimentos reais, inclúe as cantidades que a xerencia do consorcio considera que necesarias para o correcto funcionamento do servizo.

Representa o 0,77 % do orzamento.

Capítulo VIII, do orzamento, inclúe o límite máximo por cada parque, conforme ao estipulado no artigo 30 do primeiro convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros do CIS.

Representa o 0,06 % do orzamento.



Estado de ingresos.

ESTADO DE INGRESOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2026
Capítulo	Importe
3 - Tasas, prezos públicos e outros ingresos	90.000,00 €
4 - Transferencias correntes	6.386.000,00 €
8- Activos Financeiros	4.000,00 €
<i>TOTAL EN INGRESOS</i>	<i>6.480.000,00 €</i>

Para o cumprimento dos seus fins, segundo o estipulado no artigo 21 dos seus Estatutos o Consorcio disporá do seu propio orzamento, que estará integrado polos seguintes recursos:

- As achegas dos entes consorciados.
- As subvencións e outros ingresos de dereito público.
- As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa Lei.
- Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo Consorcio que se integran no seu patrimonio.
- O produto de operacións de crédito.
- Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

O orzamento anual do Consorcio financiarase no seu estado de ingresos cos recursos sinalados no parágrafo anterior. Unha vez determinada a contía dos ingresos procedentes doutras fontes de financiamento distintas das achegas dos entes consorciados, o financiamento do resto do orzamento distribuirase de acordo cos seguintes porcentaxes:

A Xunta de Galicia aporta un 62,5% do déficit xurdido na proposta do orzamento. Incrementándose neste exercicio con respecto ao exercicio 2025 na cantidade de 543.378,12 euros.

A Deputación Provincial de Ourense aporta un 37,5 % do déficit, incrementándose neste exercicio con respecto ao exercicio anterior en 326.026,88 euros.

A aportación da xestora (UNESPA) mantense con respecto ao 2025.

Aplicase o principio de prudencia en todo este proxecto de orzamento.



Terceiro. Modificacións en relación ao orzamento do consorcio vixente.

Nesta proposta de orzamento para o exercicio 2026, aumenta a aportación dos entes consorciados para poder cubrir o déficit xurdido, motivado polo incremento do capítulo I de gastos.

APORTACIÓNS ENTES CONSORCIADOS	2026	2025	2024	MAIOR APORTACIÓN 2026/2025
Xunta de Galicia	3.675.625,00 €	3.132.246,88 €	2.533.203,52 €	543.378,12 €
Deputación Provincial de Ourense	2.205.375,00 €	1.879.348,12 €	1.519.922,11 €	326.026,88 €

Nas bases de execución do orzamento, clarifícanse todos os aspectos relativos á xestión e execucións dos orzamentos que non estean recollidos na lexislación de modo imperativo e adáptase o réxime de execución de ingresos e gastos ás peculiaridades do Consorcio.

O que non estea regulado nestas bases, rexeranse polo establecido nas bases de execución da entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense.

O Consorcio atópase adscrito á Deputación Provincial, polo que os orzamentos do Consorcio deberán integrarse nos orzamentos xerais da administración provincial.

Ourense, na data da sinatura electrónica,

Asinado electrónicamente por
LUIS MENOR PEREZ
O Presidente
06/11/2025 - 15:35:29



Referencia:	2025/23585Y
Procedemento:	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

Asunto: Informe económico financeiro correspondente ao proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.

Esta intervención, en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao amparo do disposto no artigo 168.1 e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como no artigo 18.21 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, do que é Presidente D. Luís Menor Pérez en cumprimento da citada base legal emite o seguinte informe:

INFORME DE CONTROL PERMANENTE

Primeiro. Introducción

Mediante providencia asinada o 31.10.2025 polo Presidente do Consorcio incóase o expediente de aprobación do Orzamento para o exercicio 2026.

A lexislación vixente dispón que haberá de unirse ao expediente orzamentario un informe económico – financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de créditos prevista, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento os servizos, en consecuencia, o efecto da nivelación do orzamento.

En aras de dar cumprimento aos preceptos legais referidos, e no artigo 4.1 b) do RD 128/2018, o interventor dentro das actuación de control financeiro permanente concomitante, emitirá un informe económico- financeiro do proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.



Lexislación aplicable

LRBRL: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TRBRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

TRLRFL: Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RD 500/90: Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

ICAL (n): Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

OEPL: Estrutura do orzamento das entidades locais, aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro.

LOEPSF: Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

RD 128/18: Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Antecedentes:

- Tramitación do expediente de aprobación do orzamento para o ano 2026 polo Pleno.
- Tal e como se desprende do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, mais concretamente no seu Título VI, Capítulo I, Sección 1ª, artigos 162-171, as Entidades Locais elaborarán anualmente un orzamento Xeral.
- Ao abeiro do disposto no artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “*sobre a base dos orzamentos e estados de previsión, o Presidente da Entidade Local formará o Orzamento Xeral e o remitirá, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria..... ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución*”.

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2026, formado polo presidente do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

1º.- O expediente sometido ao preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:



1. *Estado de Ingresos e Gastos.*
2. *Bases de execución do orzamento.*
3. *Memoria explicativa do seu contido subscrita polo Presidente do Pleno do consorcio.*
4. *Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente*, referida, polo menos a seis meses do mesmo, subscritas ámbalas dúas pola Interventora e confeccionadas segundo o disposto na Instrución de Contabilidade. A lei esixe a introdución desta documentación nos orzamentos para dispor de referencias do exercicio anterior e da marcha do corrente e así contrastalas coas previsións que se fan para o ano seguinte.
5. *Anexo de persoal do Consorcio.*
6. *Anexo das investimentos a realizar no exercicio.*
7. *Informe Económico-financeiro*, no que se expoñan as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.
8. *Informe de estabilidade orzamentaria.*

Por conseguinte obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Á **Estrutura Orzamentaria dos estados de ingresos e gastos** plasmada no Proxecto de Orzamento sometido a informe, a mesma adecúase ao previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, dando deste xeito cumprimentado ao regulado no artigo 167 do TRLFL, que se resume do seguinte xeito:

- No que atinxe ao *Estado de Gasto* os créditos clasifícanse obrigatoriamente por programas e por categorías económicas sendo optativa a clasificación orgánica, que non foi empregada na elaboración do Proxecto do Orzamento para o exercicio 2026.
- A aplicación orzamentaria ven determinada pola conxunción da clasificación por programas é a económica ao nivel de grupo de programa e partida, respectivamente.
- En relación ao *Estado de Ingresos* a clasificación ven determinada a nivel de subconcepto, sendo o maior nivel de desagregación posible.

2º.- Os estados de gastos e ingresos do orzamento para o exercicio 2026 ascenden a 6.480.000,00 euros respectivamente.



O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, “cada un dos orzamentos que se integran no orzamento Xeral debera aprobarse sen déficit inicial”.

ESTADO DE GASTOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2026	ESTADO DE INGRESOS: RESUME POR CAPITULOS	Exercicio 2026
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1 - Gastos de Persoal	5.227.709,95 €	3 - Tasas, prezos públicos e outros ingresos	90.000,00 €
2 - Gastos correntes en bens e servizos	1.198.140,05 €	4 - Transferencias correntes	6.386.000,00 €
3 - Gastos Financeiros	150,00 €	8- Activos Financeiros	4.000,00 €
6 - Investimentos reais	50.000,00 €		
8- Activos Financeiros	4.000,00 €		
TOTAL EN GASTOS	6.480.000,00 €	TOTAL EN INGRESOS	6.480.000,00 €

3º.- Unha análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto do orzamento:

A) Gastos de persoal.

1.a) Persoal laboral

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos necesarios destinados para as retribucións do persoal necesario para poder desenvolver as actividades propias do consorcio e os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.

E a destacar o incremento neste capítulo con respecto aos orzamentos do exercicio 2025, motivado polo cambio de xestión do consorcio, a actualización da relación de postos de traballo que implica unha importante subida salarial para todo o persoal operativo, ademais da dotación económica dos 17 novos postos de bombeiros dende maio de 2026.

A contía de horas extraordinarias, dótese de 468.000,00 € mais a parte correspondente de seguridade social, destinada na súa totalidade a pagos do persoal operativo dos catro parques de bombeiros con fin de cubrir baixas, vacacións, días de asuntos particulares, etc. Inclúese as cantidades necesarias para compensar a redución de horas segundo o I convenio colectivo do persoal operativo, que pasan de 1.800 horas a 1.642 horas.

Estímase unha subida dun 2% de incremento salarial para o 2026, é inclúese o 2% correspondente ao exercicio 2025 que na data deste informe está pendente da súa aprobación polo Consello de Ministros, a proposta do Ministerio de Facenda.



B) Compra de bens correntes e servizos.-

9. O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para facer fronte as infraestruturas, maquinaria, instalacións técnicas e utensilios, mobiliario, seguros, comunicacións, gastos xurídicos e contenciosos, para estudos e traballos técnicos e demais gastos correntes da entidade. Neste apartado inclúense os custos dos servizos indispensables pola antiga concesionaria do servizo, e 50.000,00 euros para adquisición de vestiario.

10.

É necesario destacar a partida “xurídicos. Contenciosos” en 36.500,00 euros, xa que dende o cambio a xestión directa, o incremento de demandas é moi elevado.

C) Investimentos reais

A cantidade a destacar neste capítulo, corresponde á “Elementos de transporte”, para á adaptación dos vehículos ás normas regulamentarias esixentes no exercicio 2026.

4º.- Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financeiro subscrito pola presidencia, considéranse calculados segundo o exposto nos estatutos propios do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

Nesta proposta de orzamento para o exercicio 2026 propónse unha subida con respecto aos exercicios anteriores das aportacións da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Ourense, debido a que o déficit xurdido nos cálculos do orzamento foi máis elevado que nos exercicios anteriores, motivado pola xestión directa, pola proposta da nova relación de postos de traballo e do convenio colectivo para o persoal operativo dos catro parques de bombeiros do CIS.

5º.- As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable. Contén todas as disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

O que non estea regulado nestas bases, aplícase o establecido nas bases de execución do Orzamento xeral da Entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense.

6º.- O anexo dos investimentos son os previstos pola Xerencia do Consorcio para o exercicio 2026.



No boletín oficial da provincia número 83 de 29 de abril de 2024, publícase a aprobación con carácter definitivo da “Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros da xestión do servizo de extinción de incendios e de salvamento do Consorcio Provincial de Ourense”, **na que se recollía un aforro de recursos públicos por importe de 203.160,52 €**, e determínase como forma de xestión máis sostible e eficiente, de entre as establecidas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LBRL), **a xestión directa**, mediante persoal propio do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O total dos gastos e ingresos máximos incluídos na memoria técnica para a determinación da forma de xestión máis sostible e eficiente alcanzaban a cantidade de 4.174.939,48 euros, o que implicaba un aforro de 203.160,52 euros con respecto ao último orzamento do CIS aprobado. Asumida a xestión directa por parte deste consorcio, as previsión da memoria son insuficientes para facer fronte á actividade ordinaria do mesmo.

O proxecto de Orzamento xeral do CIS para o exercicio económico 2026, ascende á cantidade de 6.480.000,00 euros no Estado de Gastos e de 6.480.000,00 euros no Estado de Ingresos, o que implica que supera ao estimado na memoria técnica en 2.305.060,52 euros, provocando un déficit importante para o consorcio.

7º.- Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

Son os artigos 168 e seguintes do TRLRFL, en concordancia cos artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, os que conteñen as prescricións reitoras do aspecto procedemental.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento pode resumirse, a grandes trazos, do seguinte xeito:

- a) Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento e polo Pleno da Entidade da que depende, a Deputación Provincial de Ourense.
- b) Exposición pública no BOP e taboleiro de Edictos por un prazo de quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver ao Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.



- c) A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior o do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Aprobado definitivamente o Orzamento, insertarase no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos .
- e) Do Orzamento debidamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da CCAA. Farase simultaneamente a remisión ao boletín oficial.
- f) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- g) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior, co seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se fagan conforme o exposto nos artigos 177,178 e 179 da Lei Reguladora de Facendas locais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.
- h) A copia do orzamento xunto coas súas modificacións, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Conclusión

Primeiro: O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, inclúe a documentación esixida polo TRLRFL .

Segundo: As previsións de ingresos son suficientes para financiar a totalidade dos créditos para os gastos consignados, sendo estes, a priori, suficientes para facer fronte as obrigas do consorcio durante o exercicio orzamentario.

Terceiro: O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, para o exercicio 2026, desde o punto de vista económico financeiro, foi elaborado con observancia dos preceptos legais e a súa estrutura orzamentaria é a que establece a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.



Cuarto: O proxecto de Orzamento xeral do CIS para o exercicio económico 2026, ascende á cantidade de 6.480.000,00 euros no Estado de Gastos e de 6.480.000,00 euros no Estado de Ingresos.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundando en dereito e de que o órgano competente decida o que se estime máis convinte para os intereses xerais.

Ourense, na data da sinatura electrónica,

Asinado electrónicamente por
MÓNICA LEGASPI DÍAZ
Interventora do Consorcio de Incendios
06/11/2025 - 14:53:57



Referencia:	2025/23585Y
Procedemento:	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

Asunto: Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda respecto do proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026

Esta intervención, en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao amparo do disposto no artigo 168.1 e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como no artigo 18.21 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, en cumprimento da citada base legal **emítese o informe preceptivo previsto no devandito artigo nos seguintes termos:**

INFORME DE CONTROL PERMANENTE

Fundamentos xurídicos

1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Regulamento (UE) número 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea. (SEC-10).
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2.- Informe do Órgano interventor

O presente informe ven motivado pola previsión legal recollida no artigo 3 da LOEOSF, segundo o cal a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito subxectivo da dita lei, se realizará nun marco de estabilidade, como no artigo 16 do RD 1463/2007.

O artigo 4.1 b) do RD 128/2018, determina que o exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao Órgano interventor, entre as que se atopa o informe de cumprimento de estabilidade con motivo da aprobación do Orzamento.

2.- Concepto da estabilidade orzamentaria

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira, como garantía do crecemento económico



sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

1. *Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*

2. *El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea”.*

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sustentabilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

En canto ao principio de sostibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte: 1. *El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales....

2. *La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.*

.....

5. *La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de*



los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que "...a *Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.*

O informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 7 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno."

No exercicio 2024 activáronse as regras fiscais aplicando o regulado na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira, polo que **informamos que calquera modificación orzamentaria a realizar no exercicio 2026 pode provocar que a Entidade incumpra cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e con Plan económico financeiro 2025-2026 consolidado, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2025.**

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.



A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” da Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.

En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Analizaremos neste informe o obxectivo de estabilidade orzamentario **soamente** para o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.

4.- Avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria para o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2026

O obxectivo de estabilidade orzamentaria ven expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010). Para determinar o cumprimento deste obxectivo no Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento de 2026, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario por “operacións non financeiras” e o saldo de contabilidade nacional (capítulos I a VII).

O cálculo da estabilidade obtense mediante a diferenza entre os capítulos 1 a 7 do Estado de Ingresos e os capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos (ambos en termos consolidados), obtendo o saldo orzamentario non financeiro, saldo ao que lle aplicaremos os axustes SEC 2010 que procedan, resultando finalmente unha capacidade de financiamento (superávit en termos de contabilidade nacional) ou unha necesidade de financiamento (déficit en termos de contabilidade nacional), en función do signo positivo ou negativo de dito saldo tras os axustes pertinentes.

Os axustes SEC 2010 referidos traen causa nas diferenzas existentes entre a aplicación dos criterios fixados pola ICAL 2013 e os criterios fixados polo SEC 2010.

Seguindo o disposto no «Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais» e na «Nota sobre os cambios metodolóxicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan as Contas das Administracións Públicas» editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), procede realizar os axustes seguintes:

AXUSTES EN TÉRMINOS DE CONTABILIDADE NACIONAL**1.- Axuste nos capítulos I, II e III do estado de ingresos.****Criterio ICAL 2013: Devindicación.****Criterio SEC 2010: Caixa.**

Procede realizar o axuste en función da diferenza existente entre os dereitos recoñecidos e os importes recadados, tanto do exercicio corrente coma do exercicio pechado, calculados como media aritmética dos tres últimos exercicios liquidados.

Capítulo	Recadación		c) Dereitos recoñecidos dos corrente DRN	Axuste Capacidade necesidade
	Corrente (a)	Cerrados (b)		
Cap. 1 Impostos directos				+ : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c - : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c.
Cap. 2 Impostos indirectos				+ : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c - : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c.
Cap. 3 taxas e outros ingresos				+ : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c - : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c.
TOTAL				+ : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c - : cando (a + b) <input type="checkbox"/> c.

Axustes a realizar : Criterio de caixa nos capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

Exclusivo para estabilidade. Os ingresos no computan para á regra de gasto.

(No citado manual establécese que "a capacidade/necesidade de financiación das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta", polo tanto interpretase que, como para elaborar o orzamento se utilizan como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.)

AÑO 2022					
AJUSTE RECAUDACIÓN INGRESOS CAPITULOS 1 a 3					
Capítulos	Derechos Reconocidos Netos 2022	Recaudación líquida		Total Recaudación	Ajuste
		Ejercicio corriente 2022	Ejercicios cerrados		
1	0,00			0,00	0,00
2	0,00			0,00	0,00
3	102.036,40	102.036,40		102.036,40	0,00
AÑO 2023					
AJUSTE RECAUDACIÓN INGRESOS CAPITULOS 1 a 3					
Capítulos	Derechos Reconocidos Netos 2023	Recaudación líquida		Total Recaudación	Ajuste
		Ejercicio corriente 2023	Ejercicios cerrados		
1	0,00			0,00	0,00
2	0,00			0,00	0,00
3	108.879,87	108.879,87		108.879,87	0,00
AÑO 2024					
AJUSTE RECAUDACIÓN INGRESOS CAPITULOS 1 a 3					
Capítulos	Derechos Reconocidos Netos 2024	Recaudación líquida		Total Recaudación	Ajuste
		Ejercicio corriente 2024	Ejercicios cerrados		
1	0,00			0,00	0,00
2	0,00			0,00	0,00
3	91,523,54	91.523,54		91,523,54	0,00

Non existe axuste a realizar.

Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

- Dous formas de cálculo, aos efectos de determinar o axuste:

- **(a) En función das anotacións**

Concepto	AJUSTE ESTABILIDAD	AJUSTE REGLA GASTO
- Facturas aplicadas ao orzamento (devindicados en exercicios anteriores)	Positivo (Maior capacidade)	Negativo (menor gasto)
+ Facturas devindicadas no exercicio pero que non se aplican ao orzamento corrente	Negativo (Menor capacidade)	Positivo (maior gasto)

B) Por diferencia del saldo inicial - saldo final.

- = + (saldo inicial \square saldo final):
 - Estabilidade: Axuste positivo (maior capacidade)
 - Regra do gasto: Axuste negativo (menor gasto)
- = - (saldo final \square saldo inicial)
 - Estabilidade: Axuste negativo (menor capacidade).
 - Regra do gasto: Axuste positivo (maior gasto).

Conta 413. Diferencia do saldo inicial e final	Axuste na estabilidade, pola diferencia dos saldos	Axuste na Regra do gasto, pola diferencia dos saldos
Saldo inicial \square saldo final	+ (Maior capacidade)	- (Menor gasto computable)
saldo final \square saldo inicial	- (Menor capacidade)	+ (Maior gasto computable)

Non existe saldo na conta 413.**Axuste por grado de execución do orzamento.**

Este axuste consiste en realizar unha análise do grao de execución do estado de gastos e de ingresos dos tres últimos exercicios, o cal obteremos, por unha banda, mediante o cociente entre as obrigas recoñecidas e os créditos iniciais e, doutra banda, mediante o cociente entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións iniciais, procedendo a realizar, en función do resultado, os seguintes axustes.

Calcula a media sobre os tres últimos exercicios.

Para o cálculo da estabilidade, afecta aos ingresos e gastos.

Execución do Orzamento de gastos

Orzamento de Gastos				
Exercicio	Cred. Iniciais 1 a 7	ORN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2022	4.330.000,00 €	4.257.703,66 €	98,33	1,67
2023	4.378.100,00 €	3.873.426,31 €	88,47	11,53
2024	4.651.125,63 €	4.086.968,31 €	87,87	12,13
Media aritmética				8,44
Orzamento de Gastos				
Exercicio	Prev.. Iniciais 1 a 7			Axuste %
2026	6.476.000,00 €	8,44		546.574,40 €

Execución do Orzamento de ingresos

Orzamento de Ingresos				
Exercicio	Previsións iniciais 1 a 7	DRN 1 a 7	% Execución	Axuste %
2022	4.330.000,00 €	4.385.118,42 €	101,27	1,27
2023	4.378.100,00 €	3.894.879,87 €	88,96	-11,04
2024	4.651.125,63 €	4.086.968,31 €	87,87	-12,13
Media aritmética				-7,3
Orzamento de Ingresos				
Exercicio	Prev.. Iniciais 1 a 7			Axuste %
	6.476.000,00 €	-7,30%		-472.748,00 €

Saldo orzamentario non financeiro tras axustes SEC 100

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos I a VII orzamento corrente	6,476,000,00 €
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	6.476.000,00 €
c) TOTAL (a - b)	0,00 €
AXUSTES	
Axustes recadación capítulo 1	0,00 €
Axustes recadación capítulo 2	0,00 €
Axustes recadación capítulo 3	0,00 €
Axuste por grao de execución do orzamento de gastos	546.574,40 €
Axuste por grao de execución do orzamento de ingresos	-472.748,00 €
Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
d) Total axustes SEC 2010	73.826,40 €
e) Axuste por operacións internas*	
f) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO (c+d+e)	73.826,40 €

4. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

El Consorcio Provincial non ten débeda.

5. CONCLUSIÓNS

O proxecto de orzamento do exercicio 2026 do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento axústase ao principio de estabilidade orzamentaria, presentando unha **situación de superávit ou de capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional**, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.



Calquera modificación de crédito no orzamento do exercicio 2026 poderá provocar que o Consorcio Provincial de Incendios incumpra co obxectivo de Estabilidade orzamentaria, e co Plan económico financeiro 2025-2026 consolidado aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2025, e enviado ao Órgano de Tutela Financeira para a súa aprobación o 11 de agosto de 2025, con número de entrada 2025/ 2224801, sen obter resposta na data deste informe.

O Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento **NON TEN DÉBEDA.**

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito.

Ourense, a data da sinatura electrónica,

A interventora do consorcio

Mónica Legaspi Díaz

Asinado electrónicamente por
MÓNICA LEGASPI DÍAZ
Interventora do Consorcio de Incendios
07/11/2025 - 10:41:13



Referencia:	2025/23585Y
Procedemento:	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

Exp: 2025/ 23585 Y

Asunto: Informe preceptivo de Intervención relativo ao proxecto do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.

Esta intervención, en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao amparo do disposto no artigo 168.1 e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como no artigo 18.21 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, do que é Presidente D. Luís Menor Pérez en cumprimento da citada base legal **emítese o seguinte:**

INFORME DE CONTROL FINANCIERO PERMANENTE

Mediante a providencia asinada o 31 de outubro de 2025 polo presidente do consorcio incóase o expediente de aprobación do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.

Constan no expediente administrativo de referencia, na data de emisión do presente informe, os Estados de Gastos e Ingresos do Orzamento da entidade formados pola Presidencia, así como o anexo de persoal, a liquidación do orzamento do exercicio 2024, o avance da liquidación do Orzamento do exercicio 2025 e o anexo de investimentos.

Primeiro. Normativa aplicable



- Constitución española (artigo 135).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en adiante).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais (Orde EHA/3565/2008 en adiante)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Orde HAP/1783/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal da contabilidade local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP en adiante).
- RD 424/2017, de 28 de abril, de réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación nacional.
- Lei 47/2003. De 26 de novembro, pola que se aproba a Lei Xeral Orzamentaria.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei Orzamentos Xerais do Estado e demais disposicións concordantes.

Segundo determina o artigo 118.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, “ *Los consorcios son entidades de derecho público, con personalidad jurídica propia y diferenciada, creadas por varias Administraciones Públicas o entidades integrantes del sector público institucional, entre sí o con participación de entidades privadas, para el desarrollo de actividades de interés común a todas ellas dentro del ámbito de sus competencias*”.

O réxime orzamentario do Consorcio, de contabilidade, control económico – financeiro e patrimonial, segundo o establecido no artigo 122.1 da Lei 40/2015, establece que : “ *Los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración Pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril*”.

O artigo 4.1.b) do RD 128/2018 determina que o exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao Órgano Interventor (coñecido como



control financeiro permanente concomitante), entre as que se atopa o informe dos proxectos dos orzamentos.

Deste modo, en aras de dar cumprimento aos preceptos legais anteriormente referidos, emítase por esta Intervención o informe preceptivo relativo ao proxecto do Orzamento para o exercicio 2026 do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento (en adiante, CIS) , formado polo Sr. Presidente do Consorcio, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

Segundo. Informe do Órgano interventor.

O presente informe vén motivado pola previsión legal recollida no artigo 168.4 do TRLRFL, segundo o cal o presidente da entidade formará o Orzamento Xeral e remitirallo, informado pola Intervención, ao Pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución (idéntica previsión legal figura recollida no artigo 18.4 do RD 500/90).

Pola súa parte, o artigo 4.1.b) do RD 128/2018 determina que o exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao Órgano Interventor (coñecido como control financeiro permanente concomitante), entre as que se atopa o informe dos proxectos dos orzamentos.

Deste modo, en aras de dar cumprimento aos preceptos legais anteriormente referidos, emítase por esta Intervención Xeral o informe relativo ao proxecto do Orzamento para o exercicio 2026.

Terceiro. O Orzamento do consorcio.

O artigo 162 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo define os Orzamentos Xerais das Entidades locais, establecendo que constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade local correspondente.

Pola súa parte, o artigo 164 da citada norma establece que as Entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral. En termos similares o artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local recolle que as entidades locais aprobarán anualmente un orzamento único.



O proxecto do orzamento do CIS para o exercicio económico de 2026 formado polo Presidente do Consorcio **está formalmente equilibrado** e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

Segundo os artigos 164 a 166 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao orzamento deberá de unirse a seguinte documentación:

- Estado de gastos e estado de ingresos da proposta de orzamento do CIS.
- Memoria explicativa do Orzamento.
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- Bases de execución do orzamento.
- Anexo do persoal da Entidade Local.
- Anexo dos investimentos.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
- Anexo do Estado da Débeda.
- Informe económico-financeiro.
- Informe do cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira.

De conformidade co disposto nos citados artigos do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente contén toda a documentación esixida e todas as previsións que a normativa establece, e cumpre con todos os trámites esixidos.

O Consorcio non dispón de ningún tipo de convenios subscritos, nin ten débeda nin beneficios fiscais en tributos locais, polo que no se axuntan a este expediente.

O proxecto de Orzamento xeral do CIS para o exercicio económico 2026, ascende á cantidade de 6.480.000,00,00 euros no Estado de Gastos e de 6.480.000,00 euros no Estado de Ingresos.

Non presenta déficit inicial, cumprindo así co previsto no artigo 165.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2026 que se someterá primeiro á aprobación polo Pleno do Consorcio e unha vez sexa aprobado inicialmente por este, se someterá a aprobación do



Pleno da Corporación provincial, está estruturado e adaptado ao previsto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Os estados de ingresos do Orzamento que ascende a 6.480.000,00 euros, confeccionáronse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Do mesmo xeito, os estados de gastos que ascenden a 6.480.000,00 euros atenden ao disposto no artigo 167 TRLRHL e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

A aplicación orzamentaria definiuse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.

De conformidade co disposto nas bases de execución do Orzamento, nos créditos do estado de gastos e respecto da Clasificación por Programas, o nivel de vinculación xurídica é, como mínimo, a nivel de Área de Gasto, e respecto da clasificación económica é, como mínimo, o do Capítulo, cumprindo o previsto no artigo o artigo 29 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

Cada Entidade pode definir os seus niveis de vinculación xurídica dos créditos orzamentarios nas súas bases de execución do orzamento. No caso de que se faga uso desta facultade deberanse respectar as limitacións contidas no artigo 29 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

A vinculación xurídica expresa a que nivel actúa o principio de especialidade cualitativa. A fin de facilitar a xestión do orzamento e evitar a necesidade de realizar continúas modificacións do mesmo, co trámite que iso implica, é posible establecer niveis máis amplos que a aplicación orzamentaria. Aínda que, o control contable dos créditos, sempre se deberá realizar en relación á aplicación orzamentaria, o control fiscal realizarase sobre o nivel que se estipule na vinculación xurídica.

A vinculación xurídica do CIS estímase a nivel de Área de gasto e respecto a clasificación económica, a nivel de capítulo.

Cuarto. Principios orzamentarios.



De conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria, o orzamento debe respectar os principios orzamentarios, que actúan como regras básicas que determinan o seu contido e ámbito temporal, así como determinados aspectos do mesmo.

Tal e como se desprende deste informe, así como da restante documentación que obra no expediente, entre os citados principios, que se cumpre na súa totalidade, cabería destacar os seguintes:

- Principio de estabilidade:

A elaboración, aprobación e execución do Orzamento realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendendo como tal a situación de equilibrio financeiro (art. 3 LOEOSF).

- Principio de equilibrio:

Cada un dos orzamentos que integran o Orzamento Xeral deberanse aprobar sen déficit inicial (art.165.4 TRLRFL).

- Principio de orzamento bruto:

Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse aos orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos para liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de modo expreso (art. 165.3 TRLRFL).

- Principio de anualidade:

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, así como as obrigas recoñecidas durante o exercicio (art. 163 TRLRFL).

- Principio de universalidade:

O Orzamento Xeral conterà para cada un dos orzamentos que o integran, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender o cumprimento das obrigas, así como así as estimacións dos distintos recursos a liquidar no exercicio (art. 165.1 TRLRFL).

- Principio de unidade:

As Entidades Locais (EELL en diante) elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integren o orzamento da propia entidade, os dos organismos autónomos dependentes desta e



os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local (art. 164.1 TRLRFL).

- Principio de unidade de caixa:

Os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e non orzamentarias deberanse centralizar nunha caixa única, co fin de atender as obrigas contraídas pola entidade (art. 196 TRLRHL).

- Principio de non afectación:

Os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís destinaranse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados (art. 165.2 TRLRHL).

- Principio de especificación ou de especialidade dos créditos:

Este principio deberase respectar na súa triple vertente: cualitativa, cuantitativa e temporal.

a) Especialidade cualitativa: os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no Orzamento Xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas (art. 24 RD 500/1990).

b) Especialidade cuantitativa: os créditos autorizados terán carácter limitativo e vinculante, sen que se poidan adquirir compromisos de gasto en contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades ás que haxa lugar (art. 25 RD 500/1990).

c) Especialidade temporal: con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario, sen prexuízo das excepcións recollidas no artigo 26.2 do RD 500/1990.

- Principio de competencia.

Quinto. Tramitación do expediente. Fases



A tramitación do expediente para a aprobación do Orzamento acomodarse ao seguinte procedemento,

- El proxecto de orzamento, informado pola interventora, e cos anexos e a documentación complementaria, será remitido polo presidente ao Pleno do consorcio, e posteriormente ao Pleno da Deputación Provincial, antes do 15 de outubro para súa aprobación, emenda ou devolución (art. 168.4 TRLRFL e art 18.4 RD 500/90).
- Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno do Consorcio e do Pleno da Deputación.
- Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver o Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes. (art. 169.1 TRLRFL e 20.1 RD 500/90).

A aprobación definitiva do Orzamento terá que realizarse antes do 31 de decembro do exercicio anterior ao que debe aplicarse.

No suposto caso de que ao iniciarse o exercicio económico, o Orzamento no houbese entrado en vigor, se considerará automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177,178 e 179 do TRLRFL e hasta a entrada en vigor do novo Orzamento (artigo 169.6 TRLRFL e artigo 21.1 RD 500/90).

- O Orzamento definitivamente aprobado será inserido no Boletín Oficial da Corporación, si lo tivera, e resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia (artigos 169.6 TRLRFL e 21.1 RD 500/1990).
- Inserción do orzamento do Consorcio unha vez aprobado definitivamente, no Orzamento xeral da Deputación. .
- Remisión de copia á Administración do Estado e da CCAA
- O expediente deberá estar a disposición do público ao longo de todo o exercicio xunto coas modificacións que se produzan.

Impugnación do Orzamento

En relación co réxime de impugnación do Orzamento do consorcio, de conformidade cos artigos 170 e 171 do TRLRFL, tan só caberá impugnar este mediante algunha das opcións seguintes:

- Por non se axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.
- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.



- Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados, ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Para estes efectos, terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Interposición dun recurso contencioso-administrativo

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da dita xurisdición, debendo o Tribunal de Contas informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria. Non obstante, a interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

Sexto. Análise do Orzamento do Consorcio .

A) Gastos de persoal.

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos destinados para as retribucións do persoal do Consorcio máis os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.

Desde o **01 de febreiro do exercicio 2023 asume a xestión directa do consorcio** subrogando ao persoal de todos os parques de bombeiros da provincia de Ourense. Cando unha administración pública se subroga, por transmisión de empresa, nun contrato de traballo que tiña carácter indefinido deben manter a categoría de traballadores fixos do Consorcio nas correspondentes unidades produtivas.

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.



A previsión da subida salarial nas retribucións correspondente ao exercicio 2026 está incluída nos orzamentos, sen prexuízo da súa confirmación na Lei de Orzamentos do Estado. Inclúese o 2% pendente correspondente a subida salarial do exercicio 2025 non aprobada na data deste informe.

Existe correlación entre os créditos do capítulo I do orzamento (Gastos de Persoal) o anexo de Persoal desta entidade local ascendendo a cantidade de **5.227.709,50 euros (13000/01 + 150000+16000+16009)**.

Inclúese neste capítulo de persoal unha cantidade estimada necesaria para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal operativo co fin de cubrir baixas, vacacións, días de asuntos propios, etc., e que estímase sexan necesarios **468.000,00 euros** .

O I convenio colectivo que regula as condicións do persoal laboral operativo dos parques dependentes do consorcio provincial de bombeiros de Ourense, publícase definitivamente o 24 de marzo de 2025 no Boletín Oficial da provincia, con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2025. Inclúense nestes orzamentos as cantidades indicadas nos artigos 30 e 31 para posibles anticipos de persoal e acción social.

B) Compra de bens correntes e servizos.-

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para o pago de seguros de RC, vestiario, material de oficina, comunicacións, destacando sobre o resto a cantidade destinada a estudos e traballos técnicos, xa que se inclúe o coste da prestación de servizos indispensables para a actividade ordinaria do consorcio e que se xestionan a través dunha empresa, antiga concesionaria do servizo. Inclúese nestes orzamentos ás aportacións necesarias para a contratación das empresas de limpeza de tres dos catro parques de bombeiros.

Dende que o Consorcio asumiu a xestión directa do servizo houbo que engadir unha cantidade para asumir os custes das asistencias xurídicas motivado pola gran cantidade de demandas presentadas polo persoal operativo dos catro parques de bombeiros.

C) Investimentos reais

Neste capítulo á cantidade máis destacada corresponde á adaptación necesaria dos vehículos para cumprir coa normativa imposta.



Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financieiro subscrito pola presidencia, están previstos nos estatutos do Consorcio, publicado no DOGA o día 08 de maio de 2015.

A **Xunta de Galicia** aporta un 62,5% do déficit xurdido no borrador do orzamento, incrementándose neste exercicio con respecto ao exercicio 2025 na cantidade de 543.378,12 euros.

A **Deputación Provincial de Ourense** aporta a ese déficit un 37,5 % incrementándose neste exercicio con respecto ao exercicio anterior en 326.026,88 €.

A aportación da xestora de concertos á contribución dos servizos de extinción de incendios (UNESPA) mantense con respecto ao 2025.

Aplícase o principio de prudencia en todo este orzamento.

As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: *“El Presupuesto General atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:*

los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones

Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio.

Asimismo, incluirá las Bases de Ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad (...).”

O que non estea regulado nestas Bases, aplícase o establecido nas Bases de execución do Orzamento xeral da Entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense

O anexo das investimentos detalla os investimentos previstos para o exercicio 2026 pola xerencia do Consorcio.

Sétimo. Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública segundo o exposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A reactivación das regras fiscais no exercicio 2024 supón que o orzamento para este exercicio terá que cumprir cos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Neste caso, cumpre co obxectivo de



estabilidade orzamentaria na aprobación inicial do orzamento do Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2026.

É importante destacar que calquera variación orzamentaria que implique o uso do remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do exercicio 2025, provocará un incumprimento das regras fiscais, e do Plan económico financeiro 2025-2026 aprobado polo Pleno da Diputación Provincial de Ourense o 24 de xullo de 2025 . e serán de aplicación as medidas previstas nos artigos 21 e 23 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O cálculo da variable capacidade o necesidade de financiación no marco das entidades locais, en termos orzamentarios, obtense da diferenza entre os capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos e os capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos.

- Ingresos non financeiros (Cap. 1 a 7 de ingresos) : 6.476.000,00 euros.
- Gastos non financeiros (Cap. 1 a 7 de gastos): 6.476.000,00 euros.
- Capacidade (+) / necesidade (-) = 0,00 € (sen axustes SEC).

Esta operación debe calcularse a nivel consolidado, polo tanto, estes datos do CIS formarán parte do cálculo de estabilidade orzamentaria da entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense.

O cálculo da regra de gasto non é avaliable con motivo da aprobación do Orzamento, soamente é obrigatorio o seu cálculo no momento da liquidación do exercicio.

Non existe débeda financeira no Consorcio, a esta data.

No boletín oficial da provincia número 83 de 29 de abril de 2024, publícase a aprobación con carácter definitivo da “Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros da xestión do servizo de extinción de incendios e de salvamento do Consorcio Provincial de Ourense”, **na que se recollía un aforro de recursos públicos por importe de 203.160,52 €**, e determínase como forma de xestión máis sostible e eficiente, de entre as establecidas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LBRL), a xestión directa, mediante persoal propio do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O total dos gastos e ingresos máximos incluídos na memoria técnica para a determinación da forma de xestión máis sostible e eficiente alcanzaban a cantidade de 4.174.939,48 euros, Asumida a xestión



directa por parte deste consorcio, as previsión da memoria son insuficientes para facer fronte á actividade ordinaria do mesmo.

O proxecto de Orzamento xeral do CIS para o exercicio económico 2026, ascende á cantidade de 6.480.000,00 euros no Estado de Gastos e de 6.480.000,00 euros no Estado de Ingresos, o que implica que supera ao estimado na memoria técnica en 2.305.060,52 euros, provocando un déficit importante para o consorcio.

CONCLUSIÓN

Tendo en conta os fundamentos xurídicos expostos, e unha vez examinado o proxecto do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento para o exercicio 2026.

Procede informar favorablemente, sobre o proxecto do Orzamento do Consorcio para o exercicio 2026, opinión que se somete ao Pleno do Consorcio.

En Ourense, na data da sinatura electrónica,

A Interventora do consorcio

Asinado electrónicamente por
MÓNICA LEGASPI DÍAZ
Interventora do Consorcio de Incendios
07/11/2025 - 10:41:16